

# VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

Yolanda Castaño, poeta

## "Levo dez anos sen escribir un só poema erótico"

Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) escriba e presenta na TVG. Interésalle o diálogo da poesía con outras artes e ámbitos. Vén de saír a tradución castelá d'*O libro da egoísta*. Unha entrevista de **Diego Ameixeiras** con fotografías de **Pedro Castro**.

Redacción - 07:00 08/03/2007

**Nunha ocasión dixo que non tiña que pedir perdón pola súa imaxe. Que opina do feísmo arquitectónico?**

Que a algún había que pedirlle por favor que recibese o “ghalpón”. En todo caso, facer bandeira dunha cuestión tan puramente accidental non me parece moi desexable.

**Ana María Ríos ou Marta Rivera de la Cruz?**

*Valen Álvaro Pombo e as ostras de Arcade? A Marta recomendaríalle que non tratase de xogar tan a dúas bandas. E, de paso, que retocase un pouquiño as cellas.*

**Iggy Pop sempre convida á xente a subir ao escenario e acaban todos cantando “The passenger” entre gardas de seguridade. Convidaría vostede a un fan a recitar os seus versos en público, ou pode resultar perigoso?**

É que non creo que alguén se saiba os meus versos.

**Carlos Aymerich non é o mellor humorista do BNG, pero o flamenco faille lembrar a “España de charanga e pandeireta”. Que pensa vostede?**

Penso no lamentable que sería chamarlle a Andrés Dobarro “gallego paleta”. Entre as “churras” e as “merinas” non nos damos aclarado...

**En Cifras e Letras sempre atopa a palabra axeitada para todo. Ocorrelle o mesmo nos bares, cando a xente vai lastrada por euforizantes?**

Non, hai veces que atopo máis palabrotas ca palabras.

**Un rapaz de 18 anos díxome que non coñecía os Rage Against The Machine. Cre que a mocidade galega vive de costas á tradición?**

A min un de 16 díxome que iso de “fanzine” non lle soaba... Convénzome de que estou maior cando sinto que empezo a escandalizarme destas cousas. Eles saberán.

**O sufrido landismo español explorou as precariedades sexuais de toda unha xeración. O Yo-landismo poético, dende unhas coordenadas antagónicas, tamén aloxa unha carga erótica considerable, non?**

Levo 10 anos sen escribir un só poema que roce a temática erótica (10! que se di axiña!). Pero claro, a xente é tan preguiceiriña e os cadradiños tan cómodos...!

**Publicar *O libro da egoísta* en castelán ábrelle as portas doutro mercado literario. Estará contenta.**

Máis contenta levo dende que –bastante antes- fun tendo a sorte de funcionar a nivel estatal escribindo e recitando en galego. Fóra trátaseme cun desprexuízo que, para que negalo, faise moi agradable. Pero claro, calquera tradución é moi boa cousa.

**Entrevista publicada na edición impresa de TEMPOS Novos (febreiro de 2007, nº 117)**